



A nutrición das plantas

1. **Selecciona a opción correcta. As plantas fabrican o seu propio alimento, polo que son:**

- a. Heterótrofas
- b. Carnívoras
- c. Autótrofas
- d. Todas son falsas

2. **Relaciona as partes da planta coas funcións que realiza:**

Talo	Transporta o zume bruto ata as follas
Raíz	Obtén auga e sales minerais
Follas	Recolle dióxido de carbono

3. **Arrastra as palabras do recadro ata o lugar axeitado.**

Nas _____ absórbense as sales minerais e a _____. A esta mestura chamámoslle _____. Esta mestura sube polo _____ ata chegar ás _____.

As follas son as encargadas de coller _____ do aire e de expulsar _____. Tamén, gracias á _____, absorben a _____ do sol.

Nas follas dase o proceso de _____. Mesturando o zume bruto, o dióxido de carbono e a luz solar obtense o _____, que é o alimento da planta. Ese alimento viaxa a toda a planta dende as follas ata as raíces a través do talo.

zume bruto, dióxido de carbono, clorofila, osíxeno, zume elaborado, luz, fotosíntese, talo, raíces, auga, follas.